

## ACTIVIDADES PARA A SEMANA DO 15 AO 19 DE XUÑO

Esta xa é a última semana de cole, así que toca facer un último esforzo. Recordade facer as rutinas antes de comezar a traballar, e non esquezades as actividades de relaxación ou exercicio que tan ben sentan.

Está a piques de chegar o verán e empeza a facer calor, así que empezamos cunha actividade refrescante.

### LUNS 15: EXPERIMENTO COA AUGA. Flota ou afunde?

Facede unha selección de materiais para probar se flotan ou afunden na auga.

*Eu por exemplo escollín: algodón, un tornillo, un tapón de cortiza (corcho), un lapis, unha goma de borrar, unha bola de papel, unha pedra e unha peza de madeira.*



Antes de poñelos na auga pensa, "vai flotar ou non?". Anótao nun papel.

A continuación pon os materiais na auga e **comproba se flota ou non**. Anota os resultados noutro papel.

Mira os dous papeis, acertaches todo?

Podes facelo utilizando a **FICHA 1** ou facelo ti nun papel. Tamén podes intentar con outros materiais...

Se che gustou podes facer outros experimentos moi divertidos, mira este vídeo:





# MARTES 16: ORIENTACIÓN ESPACIAL

Mira ben estas dúas imaxes:

FICHA 2

ÓNDE ESTÁ O BEBÉ? Pega debaixo de cada imaxe a posición que lle corresponde



Nunha hai un **bebé** en diferentes **posicións**, e na outra tes o símbolo de cada posición co seu nome.

Tes que **recortar** as diferentes tarxetas cos símbolos e palabras e **pegar debaixo de cada bebé** a que lle corresponde.


Podes facelo utilizando a **FICHA 2** ou anotando nun papel o número de cada imaxe e escribindo ao seu lado o nome da posición que lle corresponde.

# MÉRCORES 17: CONTO

Hoxe quero presentarvos a unha das miñas escritoras favoritas:

**GLORIA FUERTES** (*preme na imaxe para coñecer un pouquiño da súa vida*)

Escribe poesía para nenos e nenas e este é o meu conto/poema favorito. Espero que vos guste!!




Despois de escoitar o conto podes facer a ficha de lectura **FICHA 3** (*esta ficha pódese facer de xeito oral, o importante é comprobar que entenderon o conto*)

## XOVES 18: EXPRESIÓN PLÁSTICA

Coñeces unha técnica para pintar chamada **"puntillismo"**? Chámase así porque despois de facer un debuxo, en lugar de colorealo, échese de **puntiños de cores**.

Mira estes exemplos:



Pulsa [aquí](#) para coñecer máis sobre a técnica antes de facer o teu debuxo

Fai un debuxo e píntao coa técnica do puntillismo, comparte os teus debuxos, a ver qué bonitos che quedaron.

## VENRES 19: FIN DE CURSO!!

Hoxe si que é o último día de cole, así que para celebralo non imos facer outra cousa máis que bailar.

Mira ben este vídeo, aparecen 7 bailes distintos, escolle o que máis che guste e.....

**QUE COMECE A FESTAAAAA!!!!**



Coreografías infantís para facer exercicio 20 minutos en 7 vídeos

Se che apetece comparte un vídeo do teu baile.

[yolanda.rodriuez.vila@gmail.com](mailto:yolanda.rodriuez.vila@gmail.com)

[mdavila@edu.xunta.es](mailto:mdavila@edu.xunta.es)

# EXPERIMENTAMOS COA AUGA

## ¿FLOTA OU NON FLOTA?

*Antes de poñer os obxectos na auga pensa...*

Cres que van flotar? Escribe **SÍ** ou **NON** ao lado de cada elemento













Agora pon todos os elementos en auga e observa:

Flota ou non flota? Escribe **SÍ** ou **NON** ao lado de cada elemento













FICHA 2

ÓNDE ESTÁ O BEBÉ? Pega debaixo de cada imaxe a posición que lle corresponde

				
1	2	3	4	5
				
6	7	8	9	10

Recorta as posición e pega cada unha ao lado da imaxe que lle corresponde.



 cerca	 debaisxo	 dentro	 dereita	 diante
 lonxe	 enriba	 fóra	 esquerda	 detrás

# FICHA DE LECTURA



TÍTULO.....

AUTORA.....

1.-GUSTOU CHE O CONTO?



2.-CONTESTA **V** (*verdadeiro*) ou **F** (*falso*):

- A **rá** está contenta de ser **calva**
- A **rá clara** era **fea** e **mal educada**
- Leva un **pano** na cabeza porque ten **frío**
- Botou "**crecepelo**" e xa non é calva
- A **rá** agora ten pelo, pero quedou **muda**

4.- DEBUXA O QUE MÁIS CHE GUSTOU DO CONTO: